

## Comunicación sobre proxectos de Apoio a Producción Cinematográfica, decembro 2024 - 6%

Santiago, 26.12.2024

Dando cumprimento á modificación da resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da Corporación RTVG acordou participar en 7 das 22 propostas recibidas: 4 novos proxectos cinematográficos, 1 longametraxe de animación e 2 longametraxes documentais.

En relación aos proxectos cinematográficos, dous son dúas ambiciosas películas de alto presuposto nas que participan outras televisión públicas coma TVE ou TV3: *Rondallas*, un proxecto do recoñecido produtor Ramón Campos, que nos ofrece unha película costumista e apegada á identidade galega nunha vila mariñeira e dirixida por Daniel Sánchez Arévalo e, unha proposta de Remaría, A.I.E., *Romaría*, na que a paisaxe da costa galega tamén está moi presente á hora de narrar a viaxe da directora Carla Simón cara a procura das súas orixes familiares, coa sensibilidade e delicadeza dos seus traballos anteriores *Verán 1993* ou *Alcarrás*.

A terceira longametraxe, *As defensas*, será a ópera prima de Lucía Estévez que dirixe e escribe esta historia. O guión conta cun importante recorrido por diferentes talleres de desenvolvemento e relata o descubrimento persoal en torno a tres eixos: a familia, o amor e a danza no Vigo dos anos oitenta

A última das películas, *Mil ourelas*, é unha ficción de baixo presuposto que emprega dispositivos documentais integrados de xeito natural, facendo fincapé en 3 importantes nocións da cultura popular: comunidade, transmisión e transcendencia. A película sitúase no interior de Galicia, nos Ancares, nunha zona fortemente despoboadada onde teñen lugar unha serie de historias que transitan entre o realismo e o imaxinario lírico.

A longametraxe de animación seleccionada é *Chica e lobo*, a nova proposta cinematográfica que ven da man do produtor Xosé Zapata e que será dirixida por Roc Espinet, colaborador do galardoado director Alberto Vázquez. A película promete tocarnos o corazón cunha historia de suspense e fantasía con claras referencias ó anime xaponés ou ó cómic francés.

En relación ás longametraxes documentais, a selección prevé dous proxectos con temáticas e enfoques ben distintos: O documental producido por Rebordelos, S.L., *Xalundes* no que o director Xacio Baño transforma a lenda do Monte Medulio nunha escusa para aprender a mirar cara a montaña e dende ela, e o proxecto *Todo é cárcere* de Fílmika Galaika, S.L. e

dirixido por Eloy Enciso que nos presenta un documental creativo de memoria histórica que propón unha viaxe polo territorio español a partir dos lugares nos que existiron campos de concentración e que destaca por contraponer os relatos sobre o día a día daquela reclusión co estado e usos deses espazos hoxe en día.

A comisión directiva de apoio ás producións cinematográficas acordou así a participación da Corporación RTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

*"Rondallas" de Rondallas Movie, A.I.E*

*Rondallas* é unha comedia dramática cargada de humor e humanidade con referencias como "Full Monty" ou "Intocable" pero con marcadas pinceladas de autenticidade e tradición local.

A historia xira en torno a dous elementos moi populares en calquera pobo pesqueiro: o trágico naufraxio dun barco e os membros dunha rondalla como elemento vertebrador da recuperación da ilusión e da alegría de vivir.

As localizacións da rodaxe sitúanse na zona sur de Galicia (Vigo, Baiona, A Guarda, Tui ) e tanto o equipo técnico como artístico é maioritariamente galego, destacando os recoñecidos actores protagonistas: Javier Gutiérrez e María Vázquez.

O proxecto ven avalado pola recoñecida traxectoria do seu produtor executivo, Ramón Campos, e que conta coa garantía do director Daniel Sánchez Arévalo, coñecido por éxitos coma *Farmacia de guardia* ou *Hospital Central*.

Desde o punto de vista financeiro, a película ten unha gran ambición comercial e aspira a chegar ao gran público e dispón dun gran presuposto baseado principalmente nos apoios de ICAA e AGADIC, na distribución nacional e internacional e na participación das televisións públicas, TVE e TVG, xunto con Movistar+.

Proposta de achega por parte da TVG: 150.000.-€

*"Romaría" de Romería Vigo, A.I.E.*

Esta será a terceira longametraxe de Carla Simón, un conto romántico, que vira a completar a triloxía que arrincou con *Verán 1993* e que lle permitirá reconstruír a memoria da súa adolescencia e a historia de amor dos seus pais.

A protagonista viaxa a Vigo co obxectivo de coñecer á familia do seu pai biolóxico e a súa experiencia vital que foi representativa dunha xeración tocada pola sida. O seu desexo de entender o pasado se resolverá grazas ao diario da súa nai e a maxia da imaxinación.

Con rodaxe integramente galega, a película levaranos a recorrer Vigo, Baiona, as Illas Cíes, e a Illa de Toralla entre outros lugares.

A estratexia de produción basease nunha coprodución natural entre Cataluña e Galicia, que conta co apoio das correspondentes televisións públicas, TV3, RTVE e agora TVG, así como de Movistar +. O presuposto reúne ademais os apoios de ICAA, ICEC, AGADIC entre outros e conta tamén con outros importantes apoios como o Media Slate Funding ou Eurimages. As vendas internacionais e os incentivos fiscais completan a gran dimensión financeira deste proxecto.

No casting destacan entre outros actores galegos coma Tristán Ulloa/ Janet Novas / Marina Troncoso / José Ángel Egido / Sara Casasnovas/

Proposta de achega por parte da TVG: 90.000.-€

*“As defensas” de Cósmica Producción, S.L.*

Esta proposta será o debut cinematográfico de Lucía Estévez que quere aportar con esta historia un toque de frescura xeracional e sensibilidade. Entre 2023 e 2024 o proxecto forma parte do Programa Rueda da Academia de Cine e pretende dar visibilidade ao colectivo LGTBIQ+.

Tratase dunha película <coming of age> que nace dunha motivación persoal da autora baseada en dous piares fundamentais: unha historia de amor queer no contexto da movida viguesa co foco na clase obreira.

A orixinalidade do filme reside na forza metafórica dunha protagonista que rompe muros para ver que hai ao outro lado e no poder visual da danza presente no movemento repetitivo dos traballadores do taller de coches, dos bailaríns na nave baleira ou das costureiras na casa familiar.

Financeiramente a película parte co apoio de AGADIC, tanto de Desenvolvemento como de Produción, e conta co impulso do I+D Incuba do Clúster Audiovisual Galego e o Premio LabAsturias do SemilleruLab 21FICX. O plan aspira a acadar tamén o apoio de TVE e a axuda das selectivas do ICAA 2025. O proxecto atópase en negociacións para pechar acordos de coprodución nacional e internacional coas miras postas en Euroimages.

En relación ao equipo artístico pretenden iniciar un proceso aberto para atopar a María, a protagonista, e en relación a outra protagonista, Cristina, e ao resto dos bailaríns a idea é buscar entre profesionais da danza con experiencia. As actrices propostas para os papeis adultos serán María Vázquez e Patricia de Lorenzo.

Proposta de achega por parte da TVG: 150.000.-€

*"Mil ourelas" de Tamboura Films, S.L.*

Un filme de historias cruzadas enraizado na realidade social do territorio non exento de certo ton poético que destaca por un guión moi traballado en diferentes residencias e laboratorios (Ventura (Playdoc) ou Cinema Pendent de L'Alternativa) .

A película fai un uso singular das imaxes de arquivo que contan o pasado do mundo rural a piques de desaparecer, como material para construír a ficción.

O relato transcorre na serra dos Ancares, onde Eladio, o garda forestal e Marifé convértense en narradores do destino da comarca, agora que o seu amigo Luís caeu enfermo.

O proxecto de baixo presuposto conta co apoio de AGADIC á produción e cun acordo de vendas nacional e internacional coa distribuidora 39 Escalones.

O papel protagonista estará interpretado por Amador Arias na que será a súa segunda película tras *O que arde* e estará acompañado por unha serie de mulleres anónimas do rural.

Proposta de achega por parte da TVG: 80.000.-€

*"Chica e lobo" de Sygnatia, S.L.U.*

Longametraxe de animación para un público adulto novo baseada na novela gráfica homónima de Roc Espinet e que narra a vida dunha rapaza da que todos se burlan e que atopará o misterioso poder que ten no seu interior, grazas ao aliado máis inesperado: Unha manda de lobos salvaxes.

A película ten unha liña gráfica persoal e distintiva e utiliza a técnica de animación en 2D tradicional, unha técnica moi axeitada á historia.

A estrutura financeira do proxecto xira en torno a diversos fondos públicos (ICAA, ICEC, IVAC, AGADIC e a Comunidade de Madrid entre outros) e ao apoio das televisións autonómicas A Punt e Televisión de Cataluña e prevé a incorporación de TVE e un coprodutor internacional todavía en negociacións. A distribución estará en mans de Latido e 39 Escalones.

Proposta de achega por parte da TVG: 100.000.-€

*"Todo é cárcere" de Fílmika Galaika, S.L.*

Este filme de Eloy Enciso entronca coas tendencias do cinema de autor contemporáneo que trata de innovar nas narrativas cinematográficas establecendo novos vínculos co espectador tentando plasmar un sentimento humanista e antiviolenza.

O documental propón unha viaxe por Galicia e o territorio español a partir dos lugares nos que existiron campos de concentración e prisións franquistas. Poñendo en conversación os relatos sobre o día a día daquela reclusión co estado e usos deses espazos hoxe en día.

Tratase dunha coprodución cun plan financeiro sólido que conta coas axudas públicas de AGADIC, ICAA, IVAC e a Deputación da Coruña e a participación da televisión autonómica Valenciana.

Proposta de achega por parte da TVG: 55.000.-€

*"Xalundes" de Rebordelos, S.L.*

Xalundes é un filme con perspectiva autoral que ofrece un relato colectivo oral sobre algo tan misterioso como é a historia do monte Medulio.

A lenda do Monte Medulio convídanos a unha viaxe polas ruínas, festas, espazos relixiosos, castros e campamentos abandonados. Alí atoparemos persoas cuxas historias nos axudarán a debullar o mapa do territorio.

A estética visual virá marcada polo estilo de Xacio Baño e combinará imaxes pictóricas e contemplativas con outras máis vivas. Estamos ante un filme paisaxístico onde as imaxes convidan a entrar nelas e camiñar.

O proxecto conta coa axuda de produción de AGADIC e aspira a ter boa acollida en diferentes festivais nacionais e internacionais onde xa estiveron presentes os anteriores traballos deste director.

Proposta de achega por parte da TVG: 20.000.-€